

# O conxunto etnográfico dos batáns e muiños do Mosquetín, na Terra de Soneira

Outros batáns, folóns ou pisóns de España e Portugal



Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez  
Roberto Mouzo Lavandeira



SEMINARIO DE ESTUDIOS COMARCAIS  
PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
DA COSTA DA MORTE

LEMA SUÁREZ, X. M<sup>a</sup> e R. MOUZO LAVANDEIRA.- *O conxunto etnográfico dos batáns e muiños do Mosquetín, na Terra de Soneira. Outros batáns, folóns ou pisóns de España e Portugal*; Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, Vimianzo, 2007 (205 pp.; 79 debuxos/esquemas/planos; 111 fotografías, das que 78 son a cor). Obra subvencionada pola Dirección Xeral de Turismo (Consellería de Innovación e Industria)



Vista do conxunto etnográfico do Mosquetín desde a banda esquerda do río (foto XMLS)

Esta obra non só é o estudo concreto deste coñecido conxunto etnográfico do Mosquetín, situado nun lugar de “luxuriante paisaxe” –no dicir do etnógrafo Manuel Caamaño Suárez- no río Grande ou río do Porto, entre as vilas soneirás de Baio e Vimianzo, senón doutros batáns galegos, sen faltaren outros de Asturias, Cantabria, castelánleoneses das provincias de Ávila, Salamanca, León e Zamora, e de Portugal.

Un **batán** (tamén chamado **folón** ou **pisón**) era unha antiga máquina artesanal provista duns grosos mazos que, movida pola forza hidráulica, servía para bater en mollado os tecidos de la saídos dos teares artesanais –especialmente as mantas- para apertar a súa trama e amalgamar as febras, ó tempo que os lavaba e desengraxaba.

Deste xeito, na primeira parte do libro, tomando como exemplo os aparellos do Mosquetín, explícase o que é (ou foi) un batán e para qué servía, as súas tipoloxías, a súa mecánica e funcionamento, os nomes das pezas e os procesos de abatanamento.

Faise historia dos labores de abatanamento (ou apisoamento) desde a época romana, para centrarse un pouco máis na Idade Media, época probable da invención deste tipo de enxeños. Mesmo se recrean unhas interesantes referencias literarias ós batáns contidas en obras tan distantes coma o *Quixote* de Cervantes (1605) e *Os piores da Terra* (1989) do británico Ken Follett. Chama a atención comprobar que na primeira das obras o

novelista lle dedicase un capítulo enteiro e parte doutro á aventura dos batáns (o XX e o principio do XXI: en total unhas 16 páxinas completas) mentres que o episodio dos muíños de vento, que tan popular se fixo, nin sequera encheu dúas páxinas (do capítulo VIII) na súa totalidade.

Volvendo ó libro: faise nel unha historia deste conxunto etnográfico da Costa da Morte desde os tempos do Catastro de Ensenada (1753), para pasar logo a un interesante **punto 14** que analiza a historia recente, desde as décadas de 1970 e 1980, a través dunha “Crónica dunha longa e teimosa loita pola salvación dun conxunto etnográfico condenado a desaparecer”. Nel nárranse polo miúdo os múltiples esforzos que as asociacións culturais e veciñais da Terra de Soneira tiveron que facer para salvar este enclave etnográfico, pois tanto a alcaldía de Vimianzo como as sucesivas direccións derais de Patrimonio da Xunta de Galicia nunca chegaron a facer o máis mínimo esforzo por evitar a ruína e o abandono dun sitio etnográfico tan senlleiro. Custa crer que os máximos responsables do patrimonio cultural galego se negaran sistematicamente durante máis de 20 anos (anos 80 e 90 do século pasado) a aceptaren calquera das propostas de recuperación presentada polas asociacións soneirás: nunca quixeron atender ningunha. ¡O mundo ó revés: os particulares defendendo a salvación dun lugar etnográfico único e as autoridades locais e autonómicas empeñadas en facelo desaparecer! A Consellería de Cultura de Pérez Varela e Sicart mesmo se negou a declarar Ben de Interese Cultural (BIC) este enclave, despreciando os informes favorables de catro prestixiosas institucións (Belas Artes, Consello da Cultura Galega, Instituto Padre Sarmiento e Delegación provincial de Cultura).

O conxunto salvouse in extremis en agosto de 1997, grazas ó técnico de xestión cultural da Deputación da Coruña, Felipe-Sené López, que conseguiu que o organismo provincial –daquela presidido por A. César Lendoiro- adquirise o conxunto e iniciase a restauración do conxunto, culminado coa reconstrución dos tres aparellos de abatanar do interior e dos mecanismos dos sete muíños (catro negreiros –do millo-, dous albeiros –do trigo- e un do relón).

Grazas a esta oportuna intervención e á loita de máis de 25 anos por parte das asociacións soneirás e de diversos particulares –entre eles o escritor M. Rivas, que apoiou no seu día cos seus artigos esta loita-, Galicia pode amosar ós visitantes un dos poucos lugares que conservan unha rústica industria artesanal que hai máis de 50 anos que deixou de funcionar.

No libro tamén se fala doutros batáns galegos, algúns deles tamén recuperados (como os de Oa-Xavestre, Trazo) ou o de Mezonzo (Vilasantar), e cóntase a curiosa historia da maqueta-batán de Servia (Lousame), que legara á súa familia un vello bataneiro xa falecido. Faise un percorrido por batáns de Asturias (o dos Teixois, Taramundi), Cantabria e provincias castelán-leonesas. En Val de San Lorenzo (Astorga) hai un Batán-Museo cun moderno batán mecánico. En La Salina (Sanabria) só quedan as ruínas dun famoso batán que estudara o etnolingüista alemán F. Krüger en 1925. Non faltan os *pisões* portugueses, que os etnógrafos F. Galhano e Veiga de Oliveira estudaran na década de 1960; a maior parte destes enxeños do país veciño ficaron no abandono e case todos están en ruínas.

O libro conta con múltiples ilustracións, especialmente planos, esquemas e debuxos, e remata cun caderno de 30 páxinas con 82 fotografías a toda cor, actuais e antigas, algunhas delas tomadas das sucesivas reconstrucións que tivo o conxunto.

O caso dos batáns do Mosquetín, unha industria de artesanía popular, á beira do río Grande, entre Vimianzo e Baio, pode chegar a ser o gran símbolo, o punto de referencia positiva que tanto necesita este fermosísimo país da Costa da Morte para comprender que no seu patrimonio, natural e histórico, ten unha das garantías de vida para os seus fillos.

(Manuel Rivas.- "S.O.S. (salvemnos o que se salvou)", *La Voz de Galicia*, 19-1-1992).

O vigoroso esforzo reivindicativo de varias asociacións da Terra de Soneira (...) logrou, logo de anos de vixilias esforzadas e de obter máis que silencios administrativos, ver satisfeita a reivindicación que durou anos. Hoxe está case logrado ese desexo anxeiado por moitos.

(M. CAAMAÑO SUÁREZ.- *As construcións da arquitectura popular*, 2003).



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Turismo



INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA  
DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO